

## NOTIFICACIÓN CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO E URXENTE

Con data 7 de novembro do 2013, o Sr. Alcalde-presidente dictou a seguinte resolución:

“En base ás facultades que me confire a lexislación vixente, teño a ben convocar aos Srs. Concelleiros/as que se relacionan para a **sesión extraordinaria e urxente do Pleno da Corporación**, que terá lugar no Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos ás **20:00 horas**, en primeira convocatoria no día e hora que logo se indican; se non se acadase o quórum preciso, en segunda convocatoria á mesma hora dous días despois.

Esta Presidencia constatou a necesidade de convoca-la presente sesión extraordinaria e urxente, de acordo co disposto no artigo 80 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, por apreciar os seguintes motivos que impiden demora-la consideración dos asuntos da orde do día ata a próxima sesión ordinaria :

1º.- Remisión da terceira adenda do convenio polo que se fai un reaxuste de anualidades.

De conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, en relación os artigos 79, 80 e 82 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, RESOLVO :

PRIMEIRO. Convocar sesión de carácter extraordinario e urxente a celebrar o próximo día **11 de novembro ás 20:00horas** no salón de sesións da Casa do Concello de Monforte de Lemos, a fin de resolver os puntos incluídos no seguinte **ORDE DO DÍA** :

**1º.- Pronunciamento sobre a urxencia**

**2º.-Aprobación adenda nº 3 do Convenio suscrito en data 28 de maio do 2010 pola “Sociedad Estatal de aguas de las Cuencas del Norte S.A” o Concello de Monforte, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia e o Organismo Autónomo Augas de Galicia para a construción e explotación da actuación “Ampliación e Mellora do Sistema de Tratamento de auga potable en Monforte de Lemos.**

SEGUNDO. Notificar a presente Resolución os Srs. Concelleiros, de acordo ao artigo 80.3 do ROF.

TERCEIRO. Que pola Secretaría se poña a disposición dos Srs. Concelleiros a documentación dos asuntos da orde do día.”

Desde esta data ten Vde, a súa disposición na Secretaría Municipal a documentación relacionada cos asuntos incluídos na Orde do día.

Prégolle asine o duplicado, para constancia.

Monforte de Lemos, a 7 de novembro do 2013

O SECRETARIO  
Asdo: Miguel Piñeiro Souto

Recibín o orixinal  
Data  
Sinatura  
Hora

SR/SRA D/Dª ANTONINO LUACES DIAZ.. Calvos 15- Santa Mariña do Monte. 27400 MONFORTE DE LEMOS